plan GREA

Plan Global de Recuperación Económica de Arteixo

medidas por valor de
3.682.000€
para saír máis fortes

arteixo
CENTRO COMERCIAL ABERTO

plan GREA

arteixo | CENTRO COMERCIAL ABERTO

Nun Concello con grande capacidade orzamentaria para levar a cabo iniciativas, como é o de Arteixo, propoñemos un plan con medidas económicas, pero tamén outras a custe 0, para recuperar a actividade do comercio local -estático e ambulante-, hostalaría e servizos locais.

Tras un ano de restricións pola pandemia, e contando xa con que é unha situación que se manterá ata final deste 2021, é preciso poñer en marcha políticas estruturadas en orde a un plan; a nosa proposta, o **Plan GREA**.

Unha proposta baseada nos estudios solicitados para Arteixo, coma o **Plan de Mobilidade Urbana Sostible**, publicado ne xaneiro de 2021, e na **Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado de Arteixo**. Pero tamén en proxetos exitosos de humanización de vilas previos e posteriores á declaración da pandemia. Outras propostas se basearon en programas de axudas e políticas de incentivos ao consumo postos en marcha por institucións locais e autonómicas, tendo en conta as especificidades do tecido económico de Arteixo. Na súa totalidade, o **Plan GREA parte de proxetos de probado éxito.**

O fundamento desta estratexia é buscar formas para que os negocios funcionen. Porque cando unha empresa funciona, non precisa de axudas directas e ademais xera emprego, riqueza e paga impostos. E iso beneficia a toda a vila.

O plan está estruturado en base a 3 premisas:

1. **O URXENTE -** Mantemento das empresas en risco por impedimentos para realizar a súa actividade económica.
2. **A CURTO PRAZO -** Adaptación da actividade económica actual da vila en relación ás necesidades sanitarias.
3. **A MEDIO PRAZO –** Iniciativas de fomento do consumo e do negocio en Arteixo.

revisa o **dossier completo:**

plan
GREA

arteixo | CENTRO COMERCIAL ABERTO



O ORZAMENTO

O URXENTE: 2M €

A CURTO PRAZO: 1.974,72 €

A MEDIO PRAZO: 1,6M €

plan GREA

arteixo | CENTRO COMERCIAL ABERTO

1. O URXENTE

Mantemento das empresas en risco por impedimentos para realizar a súa actividade económica.

orzamento
2M €

beneficiarios
+ 400 empresas
+ de 2.000 empregos

ENFOCADO CARA: empresas con actividade limitada por causa da pandemia. Especialmente **hostalaría e turismo; tamén o comercio máis afectado.**

MEDIDAS: AXUDAS DIRECTAS ÁS EMPRESAS

1- LIÑA 1º TRIMESTRE 2021

Axudas municipais dende 1.500€ a 2.500€ para empresas con domicilio fiscal ou local establecido en Arteixo, que sufriron unha redución dende o **40% da súa facturación de 2020 en relación a 2019.**

Pluses por tipo de empresa (3.000€) **e número de empregados** (600€).

2- LIÑA 2º TRIMESTRE 2021

Axudas municipais dende 1.000€ a 1.750€ para empresas que sufriron unha redución dende o **40% da súa facturación do 1ºT de 2021 en relación ao 1ºT de 2019** (ou 2º trimestre de actividade para empresas de recente creación).

Pluses por número de empregados (600€ ou 100€, se están en ERTE).

plan
GREA

arteixo | CENTRO COMERCIAL ABERTO

2. NO CURTO PRAZO
Mellora da organización da vila para darlle maior uso social e económico

1 - Recuperar o feirón

2 - Reorganización urbana

- **1 - Peonalizar rúas**
- **2 - Espazo para terrazas**
- **3 - Novos aparcamentos**
- **4 - Subvencións para instalar terrazas**

plan
GREA

arteixo | CENTRO COMERCIAL ABERTO

2. NO CURTO PRAZO
1 - Recuperar o feirón

disposición actual do Feirón

orzamento

1.974,72 €/mes

de ser preciso contratar persoal de seguridade privada

beneficiarios

+ 360.000€/mes en facturación na vila

+ 200 empregos do feirón

1 - Recuperar o feirón

A - Actualmente, **o feirón está adpatado a todos os protocolos da Xunta de Galicia,** que non prohibe a celebración de mercados ao aire libre.

B - A FEGAMP (Federación Galega de Municipios e Provincias) solicitou aos Concellos retomar os mercados. E recorda que "estudios recentes demostran que o contaxio require dun contacto prolongado en lugares pechados e o seu contacto co cliente non supera de media os 5 minutos".

plan
GREA

arteixo | CENTRO COMERCIAL ABERTO

2. NO CURTO PRAZO
1 - Recuperar o feirón



Como e por que recuperalo?

O Feirón de Arteixo convocaba antes da pandemia, durante toda a mañá e de forma non simultánea a unhas **2.500 persoas. Son menos das que, con distancia de seguridade, caberían á vez agora mesmo.**

Dá **traballo a máis de 200 persoas** e beneficia a todos os comercios e locais de hostalaría do núcleo.

Cun **ticket medio de 45€ por persoa** cada fin de semana, xera **máis de 360.000€ ao mes.**

Como recuperalo?

Coa disposición actual pódese facer, pero ademais, pódese:

A - Delimitar un percorrido de dirección única para os e as consumidoras.

B - Contratar 6 gardas de seguridade se non hai persoal público suficiente

plan
GREA

arteixo | CENTRO COMERCIAL ABERTO

2. NO CURTO PRAZO
2 - Reorganización urbana.
1 - Peonalización de rúas
2 - Maior espazo para terrazas

Que rúas peonalizar?

O PMUS (Plan de Mobilidade Urbana Sostible) indica que se **tenderá á peonalización da améndoa de Arteixo.**

Pola alta concentración hostaleira (8 locais) a proposta do **Plan GREA** é **a peonalización provisional diaria da Avenida dos Bosques,** con intervencións inmediatas e gratuítas.

Tamén, a peonalización durante fins de semana e festivos, das rúas:

Ría de Noia
Ría de Vigo
Ría de Pontevedra

plan
GREA

arteixo | CENTRO COMERCIAL ABERTO

2. NO CURTO PRAZO
2 - Reorganización urbana.
1 - Peonalización de rúas
2 - Maior espazo para terrazas

orzamento
0,00 €

beneficiarios
+ 40 locais de hostalaría
+ 300 empregos
+ 32 días abertos en 2020

Por que peonalizar?

Porque dende a desescalada de maio, **un local de hostalaría con terraza puido traballar 32 días máis**, e cun **43% de aforo medio** (35% en locais sen terraza).

Porque a peonalización **mellora moi rapidamente a actividade comercial e hostaleira** das empresas nesas rúas espazos.

Porque a peonalización **vén recollida no Plan de Mobilidade Urbana Sostible de Arteixo**. Este é o mellor momento de poñela en marcha.

Porque **axuda a manter a distancia social en zonas con beirarrúas moi estreitas.**

plan
GREA

arteixo | CENTRO COMERCIAL ABERTO

2. NO CURTO PRAZO
2 - Reorganización urbana.
1 - Peonalización de rúas
2 - Maior espazo para terrazas

plan
GREA

arteixo | CENTRO COMERCIAL ABERTO

2. NO CURTO PRAZO
2 - Reorganización urbana.
1 - Peonalización de rúas
2 - Maior espazo para terrazas

por cada
2 prazas de
aparcamento liberadas
3 mesas
(12 cadeiras)

Permisos de 2 anos para terrazas

Non todos os establecementos hostaleiros están en rúas peonalizables. Pero **é posible baleirar prazas de aparcamento habitual para permitir o establecemento de terrazas.**

Cada 2 **prazas de aparcamento permiten establecer 3 mesas, que poden ser 12 clientes,** con distancia entre mesas de 2 metros (medidas Covid19).

Para que un hostaleiro ou hostaleiro se decida a facer unha inversión en mobiliario, é preciso que o **permiso sexa durante polo menos dous anos.**

plan
GREA

arteixo | CENTRO COMERCIAL ABERTO

2. NO CURTO PRAZO
2 - Reorganización urbana.
3 - Novas zonas de aparcamento

442
novas prazas de aparcamento

Bolsas de aparcadoiros

Sendo **a solución dos aparcadoiros un dos obxectivos estratéxicos do futuro PMUS**, como medida a curto prazo proponse **utilizar soares baleiros no perímetro do centro urbano, mediante convenios** que permitan o uso destas parcelas como espazos públicos de aparcadoiro provisionais.

Como compensación ás medidas de peonalización provisional, poderíase aumentar a superficie nos seguintes soares:

- **Rúa Ría de Vigo - rúa Eugenio Carré**
- **Rúa Otero Pedrayo - Rúa Ría de Vigo – Rúa dos baños**
- **Camiño dos Cabalos - Rúa Río Miño – Rúa dos Baños**
- **Camiño dos Cabalos - Rúa Río Tambre**



plan
GREA

arteixo | CENTRO COMERCIAL ABERTO

3. NO MEDIO PRAZO
Mellora da actividade económica, competitividade e fomento do negocio.

orzamento
1.6M €

beneficios
+ 2.8M €
cos bonos ao consumo
e potenciación da economía local

- 1 - 900.000€ para dinamización comercial
- 2 - Estratexia para atraer o turismo nacional
- 3 - Programa Bonos Arteixo
- 4 - Sistema municipal de reparto
- 5 - Bonificación IBI de baixos comerciais
- 6 - Mellora da iluminación da vila

plan
GREA

arteixo | CENTRO COMERCIAL ABERTO

3. NO MEDIO PRAZO
Mellora da actividade económica, competitividade e fomento do negocio.



1 - 900.000€ para dinamización comercial

Cun **orzamento anual de 51M de euros para este 2021, o Concello de Arteixo está en disposición de poñer en marcha actividades de dinamización por valor de 900.000€**.

Sorteos, feiras, actividades culturais, de ocio, de promoción gastronómica ou de fomento do consumo mellorarán a actividade económica das PYMES de Arteixo.

plan
GREA

arteixo CENTRO COMERCIAL ABERTO

3. NO MEDIO PRAZO
Mellora da actividade económica, competitividade e fomento do negocio.

2 - Estratexia para atraer o turismo nacional

Unha forma para mellorar a actividade comercial durante os próximos anos é aumentar o atractivo turístico da nosa vila. Para o cal, o **Plan GREA** propón:

a) Organización de **campañas publicitarias de cara a verán,** dando a coñecer os servizos, actividades e aloxamentos da vila.

b) Creación da **marca Arteixo** para o fomento da gastronomía, turismo e comercio locais.

c) P**osta en marcha de actividades de turismo de aventura e natureza** (BTT, surf, sendeirismo, etc.) para atraer un turismo non masificado e de alto valor engadido.

plan
GREA

arteixo | CENTRO COMERCIAL ABERTO

3. NO MEDIO PRAZO
Mellora da actividade económica, competitividade e fomento do negocio.

3 - Programa de incentivos ao consumo de Arteixo

Con programas de incentivos ao consumo como **bonos, tarxetas ou vales, non só conseguimos axudar aos establecementos, senón tamén ós e ás veciñas da nosa vila.** E reactivamos a economía, o que xera postos de traballo e pago de impostos que retornan ás arcas públicas.

Todas estas iniciativas provocan un movemento económico na vila que, dependendo de como se organiza, **chega a cuadriplicar a inversión feita.**

orzamento
700.000 €

beneficios
+ 2.8M €

plan
GREA

arteixo CENTRO COMERCIAL ABERTO

3. NO MEDIO PRAZO
Mellora da actividade económica, competitividade e fomento do negocio.

4 - Sistema municipal de reparto a domicilio

O comercio electrónico ten saída para o pequeno comercio de distribución e a hostalaría se funciona coma unha canle máis de venda para o seu público de proximidade. Un servizo km0.

As empresas que máis **se poderán beneficiar serían os establecementos hostaleiros, pero tamén os comercios, especialmente os de alimentación, que farían chegar de mellor xeito estes produtos frescos a calquera punto dun municipio con núcleos de poboación tan dispersos coma o noso.**

Para que unha iniciativa así saia adiante debe nacer dunha entidade forte capaz de poñer a infraestrutura e os medios para facela funcionar e mantela.

plan
GREA

arteixo CENTRO COMERCIAL ABERTO

3. NO MEDIO PRAZO
Mellora da actividade económica, competitividade e fomento do negocio.

5 - Bonificación do IBI dos baixos comerciais

O Concello de Arteixo conta bonificación de ata o 95% do IBI a aquelas empresas que desenvolvan actividades económicas de especial interese, por concorrer circunstancias que poñan de manifesto a creación de emprego.

De forma similar, comercio, servizo e hostalaría deberían ter esa **bonificación do IBI sempre e cando estean ligados a:**

1- Unha explotación económica directa do propietario do local.

2- O aluguer para unha nova explotación, no caso de locais baleiros durante máis de 6 meses.

3- Á redución do aluguer vixente, no caso de locais actualmente ocupados.

plan
GREA

arteixo | CENTRO COMERCIAL ABERTO

3. NO MEDIO PRAZO
Mellora da actividade económica, competitividade e fomento do negocio.

6 - Mellora da iluminación

Para poder facer as rúas comerciais atractivas, é preciso que ademais de peonalizalas, se mellore a súa iluminación. Moitas das rúas da vila, como a Avenida dos Bosques, teñen un alumeado escaso, con farois vellos e só nun lado da senda.

Instalar un alumeado público eficiente e suficiente fará das nosas rúas comerciais espazos máis atractivos, e das nosas rúas en xeral, espazos máis seguros.

arteixo

CENTRO COMERCIAL ABERTO

AGADAV

Asociación Galega en Defensa
das Axencias de Viaxes

SOMOS COMERCIO LOCAL

Plataforma Galega
Comercio Ambulante